# I. DISPOSICIÓNS XERAIS

## XEFATURA DO ESTADO

**6102** *Corrección de erros do Real decreto lei 6/2010, do 9 de abril, de medidas para o impulso da recuperación económica e o emprego.*

Advertido erro na publicación do Real decreto lei 6/2010, do 9 de abril, de medidas para o impulso da recuperación económica e o emprego («BOE», suplemento en lingua galega n.º 89, do 13 de abril de 2010), procédese a efectuar a oportuna corrección:

Páxina 21, no número dous do artigo 18 polo que se engade unha nova letra ll bis) ao artigo 99 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, onde di:

«ll bis) A colocación de emisións ás cales se refire o artigo 30 bis.1 desta lei sen cumprir o requisito de intervención de entidade autorizada previsto no dito precepto, sen aterse ás condicións básicas publicitadas, omitindo datos relevantes ou incluíndo inexactitudes, falsidades ou datos que induzan a engano na citada actividade publicitaria, cando, en todos estes supostos, non se considere infracción moi grave de acordo co disposto no artigo 99.n bis).»

Debe dicir:

«ll bis) A colocación de emisións ás cales se refire o artigo 30 bis.1 desta lei sen cumprir o requisito de intervención de entidade autorizada previsto no dito precepto, sen aterse ás condicións básicas publicitadas, omitindo datos relevantes ou incluíndo inexactitudes, falsidades ou datos que induzan a engano na citada actividade publicitaria.»